

A revolución só era deles. A muller na concepción revolucionaria castrista dos 60

The revolution was just for men. The presence of women under the castrist revolutionary conception in the 60's

ÁNXELA GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

Os procesos revolucionarios que deviñeron en América Latina trala Revolución Cubana contaron cunhas características específicas, marcadas polo triunfo da experiencia insurreccional cubana. Quixemos achegarnos ao concepto de revolución destes movementos, e coñecer ata que punto este incluía á muller ou non. A análise dos teóricos máis relevantes xunto ás organizacións revolucionarias permítenos establecer de partida a mínima presenza das mulleres na idea de revolución que se manexa, cotexando posteriormente se esta mínima presenza tamén se deu na práctica revolucionaria.

Palabras chave: Revolución, Nova Esquerda latinoamericana, “Home Novo”, historia de xénero, guerrilleiras.

ABSTRACT

The revolutionary processes that developed in Latin America after the Cuban Revolution were marked by the victory of the insurreccional Cuban experience and thus possessed specific characteristics. In this paper we want to approach the concept of revolution used by these movements and investigate to what extent it includes the woman, that is if she is included at all. Analyzing the most relevant theorists of these revolutionary organizations we find that in the concept of revolution used by these groups the woman's presence is kept to a minimum. We will then compare these findings to the revolutionary practice.

Keywords: Revolution, New Latin America Left, “New Man”, history of gender, guerrilleras.

“Una revolución dentro de otra revolución”. Así definiu Fidel Castro en 1966 o proceso de reformas para cambiar a situación da muller en Cuba desde 1959. Con estas palabras o líder cubano estaba sinalando a necesidade dunha loita específica que anteriormente non estivera presente no proceso insurreccional da illa. Cales eran entón as

prioridades para os revolucionarios deste tempo? E cales foran logo as dos anos previos, tendo en conta que xa pasaran dez anos do desembarco do Granma e do inicio do proceso revolucionario?

Este artigo propón unha reflexión acerca do rol da muller na idea de revolución dominante en América Latina nos anos sesenta: a teorizada, defendida e difundida polo castrismo. Achegarémonos así non só á dimensión política da idea de revolución, senón tamén a súa transcendencia social. Partimos polo tanto de xaneiro de 1959, tralo triunfo do proceso insurreccional cubano, e detémonos en 1967, coa morte de Guevara en Bolivia. As datas non son casuais, pois Cuba inauguraba unha ondeada revolucionaria por toda Latinoamérica que chegaría ata os anos 90, cuxas organizacións serían denominadas como as da Nova Esquerda latinoamericana. Estas ondas revolucionarias teñen sido analizadas por estudosos da cuestión como Martín e Rey, os cales sinalan tres fases dende 1959 ata 1996. A primeira (1959 – 1967) será o noso foco de atención. Nela as experiencias revolucionarias desta primeira ondeada seguen a teoría do foco de Guevara, esténdense por diversos países latinoamericanos: Guatemala, Venezuela, Bolivia, Perú, Colombia, Nicaragua e Arxentina e teñen a Cuba como modelo a seguir, tanto nos aspectos tácticos como na teoría política.¹

Na actualidade a historiografía sobre os movementos revolucionarios latinoamericanos é variada, e as perspectivas de análise de ditas organizacións son diversas, pero aínda agochan aspectos pouco analizados. No caso dos estudos sobre as mulleres presentan dúas problemáticas a resolver: diríamos que as publicacións maioritarias son de ámbito nacional, dando a coñecer as experiencias das mulleres en certas organizacións; así mesmo, proliferan os traballos que presentan unha tipoloxía testemuñal ou biográfica, o que nos aporta abundante información sobre certas mulleres representativas, pero datos ás veces pouco útiles para un estudio de calado máis amplo². Este feito ten como resultado un panorama de estudos escaso e incompleto, que se incrementa conforme queremos coñecer aspectos máis concretos como o obxecto de análise deste artigo. Non é sinxelo achegarse á concepción de revolución dos teóricos castristas, e aínda é máis laborioso se intentamos facelo para o caso das organizacións revolucionarias dos 60. Neste senso, tivemos que recorrer aos estudos sobre a ideoloxía do Movemento 26 de Xullo (M26J), a través de autores como Cancino (2010), Calvo (2012) ou González Lage (2015), que

1 Para coñecer de maneira profunda as diferentes ondas revolucionarias acudir ao artigo: Martín Álvarez e Rey Tristán, 2016.

2 O primeiro traballo sobre o papel da muller nos movementos revolucionarios latinoamericanos viu da man de Jaquette (1973). A través dun artigo analizaba as principais experiencias nas que estiveron presentes as mulleres e trazabaun primeiro perfil de militantes, xunto ás cifras de participación e os roles desempeñados. Posteriormente outras autoras seguirían os seus pasos, como Reif (1986) ou González Pérez (2006). Se ben, o que predominan son os estudos da participación da muller en certas organizacións, como o MLN - Tupamaros de Uruguai (Araujo, 1980) ou no Salvador (Luciak, 2001). Xunto ás publicacións testemuñais ou biográficas (Soler, 2011), (Rodríguez Ostría, 2011) ou (Caula e Silva, 2011).

nos permitiron coñecer cales eran as bases ideolóxicas da revolución en Cuba, e como esta foi evolucionando en base aos acontecementos. Outro piar básico á hora de coñecer o tipo de revolución que quixeron levar a cabo na década dos 60 foi analizar as obras, discursos e textos tanto dos teóricos castristas como das organizacións revolucionarias desta década. Recorremos ás obras de Guevara, *La Guerra de Guerrillas* e *El socialismo y el Hombre Nuevo*, xunto á publicación de Régis Debray, *¿Revolución en la Revolución?* e os discursos pronunciados por Fidel en 1960 e 1962, a Primeira e Segunda Declaracións de La Habana³.

No caso das organizacións revolucionarias do resto do continente, analizamos aqueles discursos ou programas nos que se definía o tipo de revolución que quixeron levar a cabo, esclarecendo os principais obxectivos e finalidades de ditos movementos.⁴ Finalmente, para coñecer de maneira máis profunda a pegada da idea do Home Novo nas/os revolucionarias/os dos anos 60 achegámonos aos traballos de Löwy (1971), Korol (2002) e Vidaurrázaga (2012), diferentes visións sobre a moral guevarista, incluso con aspectos relacionados coa muller. Se ben, consideramos que estas publicacións continúan sendo escasas, e que aínda quedan moitos aspectos por coñecer acerca da concepción de revolución e das referencias á muller na mesma.

É por este motivo que este artigo pretende ser unha achega máis ao tema, ou un punto de partida para futuras inmersións máis profundas. As nosas motivacións buscaban coñecer se as mulleres estiveron presentes na concepción de revolución tanto dos teóricos castristas como das organizacións dos 60, e se esta base teórica foi posta en práctica durante as experiencias revolucionarias desta década. Para este obxecto, incorporamos un apartado que analiza as bases teóricas da Revolución Cubana, xunto con outro que se achega en concreto ao “Home Novo” de Guevara. Finalmente, concluímos cun apartado de estudo das experiencias revolucionarias dos 60, no que se inclúe non só as súas bases teóricas, senón tamén a experiencia práctica das mulleres nestas organizacións.

3 Castro, Fidel *Primera Declaración de La Habana*. 02/09/1960. [Data de consulta: 10 de maio 2016. Dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=d-cvNJE82IU>]; Castro, Fidel. *Segunda Declaración de La Habana*. 04/02/1962. [Data de consulta: 10 de maio 2016. Dispoñible en: https://www.youtube.com/watch?v=GeUcZjAKC_s]

4 Para o análise do tipo de Revolución destes movementos recorremos ao CEDEMA (Centro de Documentación de los Movimientos Armados). Consultamos os seguintes textos: ELN. *Manifiesto de Simacota*. 07/01/1965. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=3703> ; ELN. *Comunicado n°1 del ELN de Bolivia*. 25/03/1967. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=123> ; ELN. *El ejército de Liberación Nacional al pueblo boliviano*. 01/04/1967. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=2950> ; FAR. *FAR, N°15*. 01/07/1966. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=4769> ; FSLN. *Breve análisis de la lucha popular nicaragüense contra la dictadura de Somoza*. 01/03/1960. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=1832> ; FALN. *Objetivos de las Fuerzas Armadas de Liberación Nacional*. 20/02/1963. Dispoñible en: http://www.cedema.org/uploads/FALN_Objeticos.pdf ; FALN. *La Revolución verdadera, la violencia y el fatalismo geopolítico*. 01/01/1966. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=1368> ; MIR. *Discurso del Dr. Luis Felipe de la Fuente Uceda en la Plaza San Martín de Lima*. 07/02/1964. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=1350>

UNHA REVOLUCIÓN NOMEADAMENTE POLÍTICA

Os líderes revolucionarios cubanos non fixeron unha análise real acerca da natureza da revolución nos primeiros tempos tralo seu éxito; unicamente polos medios de comunicación coñecíamos o carácter nacionalista e antiimperialista da mesma⁵. Tan só cando a propia dinámica entre o que era revolucionario e o que era contrarrevolucionario marcou o camiño, a estratexia dos líderes revolucionarios cubanos mudou e rapidamente foron impondo certas definicións sobre o proceso que se estaba a levar a cabo na illa. O que queremos reflectir con este feito, é que a propia reflexión sobre o carácter ou a idea de revolución non foi o suficientemente analizada ou teorizada como si o foron as formas de loita, como a guerra de guerrillas, e esta cuestión foi traspasada aos procesos insurreccionais que deviñeron. O carácter revolucionario destas organizacións era medido polo accionar militante, e a teoría quedaba agora a unha marxe (Sader, 2008:3).

Se recorremos ao discurso ideolóxico do M26J, este no seu programa enmárcase como un proxecto cun perfil nacional, popular e democrático, o primeiro porque entronca coas loitas pasadas do país, e cunha clara vinculación co discurso ideolóxico de José Martí; o segundo, por canto bebe dos movementos sociais da década dos 40 e 50, que se enfrontaron ás oligarquías gobernantes en América Latina; e o último, porque poñía en cuestión aos Estados nacionais oligárquicos que excluían a colectivos sociais como os indíxenas, os campesiños ou os mestizos, aínda que sen referencias específicas sobre a condición da muller no país e en Latinoamérica en xeral (Cancino, 2010:74).

Unha vez que trunfa a revolución en Cuba, é recorrente a utilización dos discursos como medio de difusión do programa ou do ideario do novo goberno revolucionario. Seleccionamos a Primeira e Segunda Declaracións de La Habana, pronunciadas por Fidel en 1960 e 1962, e analizamos os aspectos primordiais de ditos textos. En tanto que arenga ao pobo, non faltan as alusións á historia do país e ao imperialismo dos EUA en América Latina. O primeiro discurso ademais ten un carácter de denuncia dos males do pobo cubano, incluíndo tamén unha serie de dereitos e deberes tanto do novo goberno como das/os propias/os cubanas/os en defensa da revolución. Interésannos notablemente os puntos sextos, sétimo e oitavo, onde se apela alén das desigualdades presentes e por vencer, tamén se cita á muller como colectivo que debe suprimir a súa discriminación:

Proclama el derecho de la mujer a la igualdad civil, social, política... y a armar a sus obreros, a sus campesinos, a sus estudiantes, a sus intelectuales, al negro, al indio, a la mujer, al joven, al anciano, a todos los oprimidos y explotados, para que defiendan, por sí mismos, sus derechos y destinos.⁶

5 Para coñecer máis sobre o papel que xogaron os medios de comunicación na difusión do ideario rebelde en Cuba pódese acudir a Calvo (2014).

6 Castro, Fidel. *Primera Declaración de La Habana*. 02/09/1960. [Data de consulta: 10 de maio 2016. Dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=d-cvNJE821U>]

Na Segunda Declaración de La Habana, ademais de conter apelacións ás xestas do pasado e ao bloqueo que exercen sobre Cuba os EUA, alude á necesidade de defenderse ante os pasos dos norteamericanos contra o país, en clara relación co contexto que se vive en 1962. Se ben, atopamos referencias para reivindicar a loita dos colectivos desfavorecidos, entre os que menciona ás mulleres:

La Asamblea General Nacional del Pueblo de Cuba postula: el deber de los obreros, de los campesinos, de los estudiantes, de los intelectuales, de los negros, de los indios, de los jóvenes, de las mujeres, de los ancianos, a luchar por sus reivindicaciones económicas, políticas y sociales.⁷

Se nos detemos a analizar estes discursos en base ao seu perfil ideolóxico, vemos que o que prima é o xa mencionado nacionalismo –coa recorrencia á historia do país–, como a vinculación dos feitos do pasado coa loita do presente. Ademais, o antiimperialismo pasa a ocupar un lugar central, en base non só a un pasado de inxerencias no país, senón no propio contexto coetáneo, coa política estadounidense de bloqueo cara Cuba. Se ben, as alusións a unha nova situación para as mulleres son claramente escasas, pouco profundas e diluídas en comentarios que abranguen a diferentes tipos sociais mencionados a partir de criterios tales como a idade, a ocupación, a raza ou situación socio-económica; isto é, os que parecen ter sido ate o de agora cidadáns de segunda e que conforma a maioría da poboación.

Por outra banda, e como se sinalaba, a construción da idea de revolución nos primeiros sesenta en Cuba estivo moi relacionada coa nova proposta e debate en torno ás súas vías, isto é, a forma de levala a cabo. É por tanto central achegarnos aos textos clave da elaboración desa idea, aqueles que tiveron como obxectivo a formación de novas/os guerrilleiras/os. Neles, atopamos interesantes referencias ás características que deben ter os revolucionarios, e en menor medida as revolucionarias. Nestas bases teóricas que se foron forxando segundo avanzaba o proceso revolucionario, destacan as publicacións de Guevara, *La Guerra de Guerrillas* e Debray, *¿Revolución en la Revolución?*, que referidas a cuestións estratéxicas da insurrección sentaron os cimentos para futuras experiencias na rexión. A análise destes textos deixa patente que a muller é incluída como suxeito revolucionario, pero a súa condición varía segundo a fase do proceso. No caso de Guevara, fanse referencias xerais á discriminación que sofre na sociedade, e que pode chegar a sufrir se non se ten en conta na loita revolucionaria: o papel da muller nela é “de extraordinaria importancia”, sinala, engadindo que “hay cierta subestimación hacia ella que llega a convertirse en una verdadera discriminación en su contra” (Guevara, 1977: 91).

Debray pola súa parte, apela á necesidade de que toda a sociedade se adhira á loita revolucionaria e “a constituír una guerrilla de masas, con mujeres, niños, y animales domésticos en el seno de la columna guerrillera” (Debray, 1977: 126).

7 Castro, Fidel. *Segunda Declaración de La Habana*.04/02/1962. [Data de consulta: 10 de maio 2016. Disponible en: https://www.youtube.com/watch?v=GeUcZjAKC_s]

As alusións son moi xerais en ambos casos, e se ben tense en conta á muller coma suxeito revolucionario –algo positivo en si mesmo–, faise con certo paternalismo, e mesmo equiparando a labor das mulleres coa que poden desempeñar as/os nenas/os e os animais no proceso revolucionario⁸. O rol que lle adxudican na loita pasa por tarefas de soporte, abastecemento, sanidade, transporte de información, espionaxe e mesmo sabotaxe, pero cunha concepción que non está moi afastada das consideracións tradicionais sobre a muller. E aínda que Guevara chega a afirmar en determinado momento que o seu traballo pode ser o mesmo que o do home, faino dun modo un tanto peculiar ó afirmar que “en la rígida vida combatiente, la mujer es una compañera que aporta las cualidades propias de su sexo” (Guevara, 1977: 91).

Cales serían entón as calidades propias das mulleres?, cabería preguntarse; e dende logo, cales serían os traballos que podía desempeñar na guerrilla en función do anterior? Para Guevara “el acarreo de objetos, mensajes o dinero, de pequeño tamaño y grande importancia” en mulleres que conten con absoluta confianza do exército guerrilleiro; dado que:

Pueden transportarlo usando mil artimañas y contando, que por más brutal que sea la represión, por más exigentes que sean los registros, la mujer recibe un trato menos duro que el hombre. (Guevara, 1977: 92).

En canto ao combate, tanto Guevara como Debray negan as capacidades que poden ter as mulleres, e relegan a súa participación a momentos extremos do proceso:

Naturalmente, las mujeres combatientes son las menos. En los momentos en los que ya hay una consolidación del frente interno y se busca eliminar lo más posible los combatientes que no presenten las características físicas indispensables, la mujer puede ser dedicada a un considerable número de ocupaciones específicas, de las cuales, una de las más importantes, quizás la más importante, sea la comunicación (Guevara, 1977: 92).

Polo tanto, e aínda que nos textos si se alude á muller como suxeito político que debe loitar polos seus dereitos, estas alusión tenden a ter un carácter xeral, e unha perspectiva marcadamente tradicional. Nos dous grandes ámbitos que atinxen á revolución, a loita segue a ser unha cuestión masculina, dos homes, e na construción dunha nova sociedade revolucionaria, non se aprecian nin perspectivas nin preocupacións de xénero salientables. Feito que se reforza se temos en conta que ata 1986 ningunha muller cubana estivo presente no Buró Político do Partido Comunista de Cuba, nin ocupou o cargo de Secretaria de dito aparato político (Fleites, 2010: 65). A fin de contas, tal e como se vai

8 Nesta liña declara Debray (1969: 140): “So pena de perder la iniciativa, la velocidad en sus movimientos, su capacidad de maniobra, una columna guerrillera no puede convocar a mujeres, niños y todos los materiales y animales domésticos de un pueblo a otro”.

establecendo unha teoría revolucionaria en base ás experiencias, tamén esta cuestión irase modificando conforme vaia mudando a sociedade. Como homes do seu tempo, aínda non pensaban o proceso con perspectiva de xénero, e nin tan sequera o facían as mulleres⁹. Agora ben, deterémonos a analizar o concepto do “Home Novo” de Guevara para verificar se así como foi un aporte novidoso para a teoría castrista e marxista, tamén o foi en canto á situación das mulleres nestes procesos revolucionarios.

O “HOME NOVO” DE GUEVARA: MUDANZAS OU PERMANENCIAS PARA AS MULLERES?

Os teóricos castristas tiñan, sen dúbida, un concepto de revolución principalmente vinculado co ámbito político. Só demostraron intencións de mudanzas no ámbito moral ou ético –vinculado con aspectos de transformación social–, a través do concepto do “Home Novo” de Guevara (1977). Para Guevara este concepto era sumamente importante, pois tal como o entendía, a revolución non só se debía limitar ao campo material –político–, senón que esta tiña que estar sustentada baixo unha base moral: “para construír el comunismo, simultáneamente con la base material, hay que hacer al hombre nuevo” (Guevara, 1977: 7). De nada serviría tomar o poder, se as novas estruturas e a vangarda que as sustentaba non eran quen de ser sensibles ante a desigualdade e as inxustizas que a rodearan (Korol, 2002: 3). Pero, ate onde ou ata que desigualdades e inxustizas chegaba Guevara?

Intentaré, ahora, definir al individuo, actor de ese extraño y apasionante drama que es la construcción del socialismo, en su doble existencia de ser único y miembro de la comunidad (Guevara, 1977: 6)

O certo é que o “Home Novo” de Guevara pretendía erixirse como a propia revolución interior que debían levar a cabo todas/os as/os revolucionarias/os en potencia. A transformación debía de ser total, dende o aspecto físico, no que se deu en chamar a *moda da insurxencia*, ata o ámbito das costumes cotiás: as relacións de parella, as formas de diversión, coa austeridade e a proletarización como bases deste cambio (Rey Tristán, 2006: 400). A insistencia de Guevara neste concepto proviña da súa propia concepción sobre o comunismo, que non só debía de ser un sistema de reparto social máis igualitario, senón que implicaba unha transformación da sociedade e do home. Neste senso, o certo é que algúns investigadores da súa figura teñen referido que Guevara debía de coñecer os textos de Marx que falaban a cerca da nova sociedade que se erixiría trala Revolución proletaria, pois no “Home Novo” atopábanse diversas similitudes co exposto por Marx na

9 Para coñecer máis sobre esta cuestión acudir a: Fleites, 2010.

obra *La ideología alemana*¹⁰. Trala morte de Guevara, os seus compañeiros comezaron a reflexionar acerca dos aportes do revolucionario, tanto no ámbito práctico como no teórico, destacando dito concepto; se ben, para as/os revolucionarias/os dos anos 60 non foi necesario que Guevara tivera morto para ter o concepto do “Home Novo” presente nas súas prácticas revolucionarias. As organizacións da Nova Esquerda latinoamericana que naceron tralo triunfo cubano seguiron a moral guevarista e creron firmemente na necesidade dun novo prototipo de “Home”. Porén, cando intentamos analizar este concepto o primeiro que se nos ven á mente é, incluía este concepto ás mulleres?

Se rastrexamos a presenza da muller na inclusión desta idea en Cuba, a difusión da mesma ás mulleres cubanas levouse a cabo a través da Federación de Mujeres Cubanas (FMC) e da súa revista *Mujeres*. Intentaron incluír ás mulleres neste “Home Novo” dándolles a tarefa de ser as formadoras de dito prototipo, é dicir, presentándoas como nais e educadoras. Como nais porque a revolución insistía en que esta era a función principal das mulleres, e como educadoras, porque esta profesión –ademais de ser unha das máis feminizadas en América Latina–, era un dos principais papeis que Guevara dera á muller en *La Guerra de Guerrillas* (Fleites, 2010: 60).

Unha segunda vía de difusión do concepto do “Home Novo” entre as mulleres cubanas foi a través do exemplo de dúas figuras revolucionarias. A primeira delas foi Mariana Grajales, nai dun mártir da loita independentista cubana. Neste senso, a figura de Mariana Grajales non escapaba do prototipo anteriormente presentado de formadora do “Home Novo”, polo que se recorreu á revolucionaria arxentino – alemá Tamara Bunke, máis coñecida como Tania “A Guerrilleira” (Fleites, 2010: 66). O seu compromiso co proceso revolucionario cubano, así como a súa participación na guerrilla de Guevara en Bolivia, foron claves para ser presentada como modelo a seguir e símil feminino do *Che*. Se ben, o caso de Tania non nos deixa indiferentes, posto que a pesar das súas capacidades para o combate –tiña experta formación en tiro dende a adolescencia e premios que o acreditaban– nunca portou a mesma arma que os seus compañeiros e tampouco nunca se lle deixou usala, dedicándoa ás tarefas de costureira, atención da distribución, abastecemento e recadación de información (Rodríguez Ostría, 2011: 16-23). Cuestión que nos leva de novo á pregunta que presentábamos anteriormente: Incluíu o “Home Novo” ás mulleres?

A resposta é a todas luces negativa. No proceso de construción da revolución en Cuba houbo diversas limitacións para a creación dunha “muller nova”, vinculadas principalmente a dúas cuestións. Por unha banda, a adhesión de Cuba á esfera marxista trouxo consigo a difusión de dito ideario á poboación, presentándose ao feminismo e á ideoloxía de xénero como movementos que dividían á esquerda e que non tiñan en conta o concepto de clase como primordial na construción dunha nova sociedade.¹¹ Por outra banda,

10 Así o explica José Aricó, quen no prólogo da edición Siglo Veintiuno de “El socialismo y el Hombre Nuevo” (1977: 12) alude ás similitudes entre a concepción de Marx e Guevara.

11 Segundo Fleites, autora que analizou as publicacións da revista *Mujeres da FMC*, o feminismo foi presentado como unha arma do imperialismo, simplificándoo e non tendo en conta os diversos

non podemos esquecer que os propios dirixentes da revolución, así como a sociedade, eran herdeiros/as dunha cultura sexista e paternalista coas mulleres que non foron quen de mudar.

Como teñen salientado algunhas autoras que analizaron o tema, o concepto non foi construído de forma inclusiva para a muller. O seu promotor foi un home, aínda que tanto na Revolución cubana, como especialmente nas organizacións nadas tras esta, a participación feminina foi moi destacada en termos cualitativos e cuantitativos, tal como ten sinalado Vidaurrázaga (2012: 71):

El concepto de hombre nuevo es originado en la mente de un hombre-masculino, en el contexto masculino de la guerra de guerrillas. Un lugar donde las mujeres y lo femenino quedaban excluidos porque históricamente la guerra es un espacio masculino y el guerrero el rol preponderante de la masculinidad, como lo asegura Simone de Beauvoir.

Nas organizacións revolucionarias latinoamericanas dos 60 tamén houbo mulleres militando, e aínda que en escaso número, elas igualmente soñaron con converterse no “Home Novo” que Guevara predicaba. Este “Home Novo” significaba un ser exemplar, que se sacrificaba polo ben común e que tiña en todo momento unha actitude heroica: “El revolucionario, motor ideológico de la revolución dentro de su partido, se consume en esa actividad ininterrumpida que no tiene más fin que la muerte” (Guevara, 1977: 15). Este ser estaba disposto a deixar atrás os chamados praceres pequeno – burgueses, con tal de loitar pola causa revolucionaria. Porén, ao reflexionar acerca deste concepto reparamos en que este novo prototipo non tivera en conta o que significaba para as mulleres militantes asumir os desafíos cos que se pretendía rachar.

As mulleres ao chegar ás organizacións revolucionarias, víanse insertas en dous contextos: por unha banda, o de atopar un espazo cómodo nesa filosofía de vida militante, nesa moral revolucionaria que se estaba a crear; por outra banda, tiñan aínda moi presente o papel tradicional que a sociedade lles asignaba e que facía chocar de fronte coas súas ansias de liberdade. O certo é que o “Home novo” de Guevara, como suxeito exemplar estaba esquecendo un ámbito importante, o privado, aquel que nunca se puxo en cuestión durante a práctica revolucionaria (Vidaurrázaga, 2012: 70). A moral guevarista predicaba que o novo ser debía de ser sempre o mellor: na teoría política, na práctica armada, no traballo, pero na vida militante cotiá ese ser estaba esquecendo rachar coa desigualdade á que se vían expostas as mulleres. Cando Guevara menciona a importancia da muller na revolución, faino adxudicándolle un papel de esposa que se debe sacrificar para que o seu home poida facer a revolución:

movimientos feministas, así como os antecedentes do movemento en Cuba previo a 1959. Para máis información: Barbieri, 1980 e Rodríguez Calderón, 1999.

Los dirigentes tienen hijos que en sus primeros balbuceos, no aprenden a nombrar al padre, mujeres que deben ser parte del sacrificio general de su vida para llevar la revolución a su destino; el marco de los amigos responde estrictamente al marco de los compañeros de revolución. No hay vida fuera de ella (Guevara, 1977: 34-35).

As mulleres guerrilleiras emularon as características deste novo ser, e aínda que non sería ata décadas despois que verían este concepto de forma crítica, se ben, si eran conscientes de que o “Home Novo” significaba grandes desafíos para as militantes. Foron mulleres que se viron insertas nun contexto político e armado, que pouco a pouco foi masculinizando as súas actitudes, como único medio para ser respectadas (Vidaurrázaga, 2012: 73-74).

Non cabe dúbida que non foi sinxelo rachar cos valores patriarcais, e que en xeral a situación da muller seguiu a ser a mesma, porque como apuntou Ileana Rodríguez (2003: 123): “Frente a este Hombre Nuevo nos encontramos la paradoja de la Mujer Vieja”. Polo tanto, non hai unha construción de xénero por parte dos teóricos do castrismo. E se temos en conta que eles, os seus textos e as súas ideas, están na base do movemento revolucionario latinoamericano posterior, non cabe agardar moito de inicio neste, a non ser que saia da propia loita e das reivindicacións das propias mulleres.

Compre logo reflexionar unha cuestión: a moral revolucionaria incluía ás mulleres ou foron elas as que se foron axustando a un concepto creado desde e para a masculinidade? Certamente é preciso comprobalo co caso práctico das mulleres que militaron nas organizacións da década dos 60.

UNHA REVOLUCIÓN COAS MULLERES? PARTICIPACIÓN E ROLES DAS MULLERES NAS ORGANIZACIÓNS REVOLUCIONARIAS DOS 60

Tralo análise do concepto do “Home Novo”, agora é preciso deterse na práctica da mobilización revolucionaria. Neste senso, buscamos coñecer o papel das mulleres nestes procesos insurreccionais dos anos 60, para así corroborar se estiveron presentes nesta nova idea de Revolución.

Achegarnos á idea de Revolución das organizacións revolucionarias latinoamericanas non é de todo sinxelo, pois como no caso de Cuba, o carácter da Revolución non foi practicamente analizado. Moitas das organizacións revolucionarias da década dos 60 comprendían que a parte teórica dos seus movementos xa estaba estipulada pola experiencia cubana, e que o importante agora era levala á práctica nos seus respectivos países. Se ben, o certo é que todas estas organizacións tiveron que escribir acerca do seu programa de futuro, pois se querían concienciar ao resto da sociedade, precisaban tamén de textos que especificasen os seus motivos de loita. A través dos programas, panfletos ou discursos das primeiras organizacións revolucionarias dos 60 atopamos referencias –non moi extensas e meditadas– de cómo querían que fose a súa revolución, e sobre todo ausencias acerca dunha nova situación para as mulleres latinoamericanas.

Nos textos destas organizacións, son numerosas as referencias a tres puntos en concreto: primeiro, a crítica ao imperialismo norteamericano, a partires da idea de que os EUA coa permisividade das oligarquías nacionais latinoamericanas estaban levando a cabo unha política de inxerencia na rexión en aspectos sobre todo económicos pero tamén políticos e culturais, como sinalaban as Fuerzas Armadas Rebeldes (FAR) para o caso guatemalteco: “Debemos partir de que Guatemala se encuentra ante problemas de fondo que tienen su base en la dependencia del país al imperialismo yanqui”¹². As organizacións revolucionarias serían moi críticas con este aspecto, e todas elas tiñan o antiimperialismo como un punto fundamental da súa loita.

En segundo lugar, e moi recorrente nos textos destas organizacións, a vinculación das loitas pasadas e as presentes, cunha constante alusión aos heroes e heroínas dos seus países e da rexión latinoamericana:

Aquí tenemos, ante nosotros y el mundo, elevadas las legendarias figuras de Padilla, Lanza, Méndez, Zudañez, Ravelo, Murillo, Tupac Amaru, Warnes, Arze, y también las sin par heroínas de la Coronilla, Juana Azurduy de Padilla, Bartolina Sisa, Vicenta Eguino, Simona Manzaneda y cientos de hombres y mujeres, cuyo glorioso ejemplo conserva y está dispuesto a seguir nuestro heroico pueblo.¹³

Por tanto, buscaban apelar ao nacionalismo presente na sociedade e traspasalo tamén a todas as fronteiras da rexión latinoamericana. É dicir, a loita non só era para a liberación nacional, para liberarse das oligarquías nacionais, senón que era tamén continental, en resposta ao imperialismo dos EUA.

Por último, outro dos aspectos fundamentais do concepto de revolución destas organizacións é o tipo de loita que querían levar a cabo. O certo é que todas elas apelan a unha loita armada revolucionaria, na cal se rache co *status quo* imperante a través dunha guerra de guerrillas. Se ben, non todas especifican cal é a ideoloxía pola que se guían e a sociedade á que aspiran, algunhas destas organizacións como o Movemento de Izquierda Revolucionaria (MIR) de Perú¹⁴ declaran que loitan polo socialismo e pola construción dunha nova sociedade sen clases; mais outras como as Fuerzas Armadas de Liberación Nacional (FALN) de Venezuela¹⁵ non especifican a súa ideoloxía e declaran que a súa loita ten como obxectivo establecer un goberno revolucionario, nacionalista e democrático.

12 FAR. FAR, N°15. 01/07/1966. Data de consulta: 10 de maio 2016. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=4769>]

13 ELN. *El ejército de Liberación Nacional al pueblo boliviano*. 01/04/1967. [Data de consulta: 10 maio 2016. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=2950>]

14 MIR. *Discurso de Luis de la Puente en la Plaza San Martín de Lima*. 07/02/1964. [Data de consulta: 10 de maio de 2016. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=1350>]

15 FALN. *Objetivos de las Fuerzas Armadas de Liberación Nacional*. 20/02/1963. [Data de consulta: 10 maio 2016]. Dispoñible en: http://www.cedema.org/uploads/FALN_Objeticos.pdf]

Porén, se nos detemos no propio concepto de revolución nestes momentos e centrámonos no ámbito específico de Latinoamérica, os parámetros a seguir e o tipo de revolución que se debe levar a cabo é aquela que estipulan os teóricos en Cuba¹⁶. A revolución no ámbito estratéxico e político debe seguir os pasos da teoría do foco, a través dunha guerra de guerrillas que estenda a loita revolucionaria por todo o país. Mentres que no ámbito moral ou ético o concepto a seguir é o do “Home Novo”, que buscaba marcar principios de cambio para a construción de novas/os revolucionarias/os.

Son estes tres aspectos os que predominan nos programas ou textos das organizacións revolucionarias, aínda que tamén están presentes outras pretensións que queren ir máis alá de formalismos teóricos e que especifican en maior grado os problemas aos que están expostas as sociedades latinoamericanas. Estas teñen que ver con aspectos principalmente económicos, como a necesidade dunha reforma agraria, o desenvolvemento do país a través da creación de industrias fortes, un plan de vivenda que garanta o acceso a toda a poboación ou a necesidade dun sistema nacional de saúde pública.¹⁷ Son aspectos que ligados aos principios ideolóxicos e políticos destas organizacións marcan o seu camiño a seguir e axudan a comprender o tipo de revolución que querían levar a cabo. Porén, temos que ter en conta, que outro dos obxectivos destes movementos revolucionarios atendendo a súa ideoloxía debería ser unha transformación total do conxunto das relacións sociais cotiás na sociedade. Neste senso, referímonos principalmente a unha serie de cambios igual de necesarios para as sociedades latinoamericanas, das que atopamos alusións escasas nos seus textos e programas. En concreto, referímonos a aspectos que teñen que ver cunha nova situación para as mulleres latinoamericanas, atopando só unha única referencia en todos os discursos das organizacións consultadas. Esta alusión provén dos principios programáticos do Ejército de Liberación Nacional (ELN) de Colombia onde nun dos doce puntos marcados afirma:

La toma del poder para las clases populares, la instauración de un gobierno democrático y popular que libere a nuestro país de los monopolios internacionales y de la oligarquía criolla y que garantice la plena igualdad de nuestro pueblo, que otorgue plenas libertades democráticas a los sectores populares, que conceda a la mujer sus legítimos derechos, que libere las fuerzas creadoras de las masas, que garantice el respeto a la dignidad humana y el libre desarrollo de los colombianos.¹⁸

-
- 16 Referencias deste tipo podemos atopalas nun discurso do MIR: “La experiencia de América Latina en estos últimos tiempos nos esta diciendo con toda claridad cual es el camino. Miren ustedes Cuba, la Cuba de Fidel ha demostrado que es posible hacer la revolución autentica, que es posible comenzar la gran revolución latinoamericana a 90 millas de las Costas Norteamericanas” (*Discurso de Luis de la Puente en la Plaza San Martín de Lima*, 07/02/1964. [Data de consulta: 10 de maio de 2016. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=1350>]
- 17 Para atopar referencias destes aspectos podemos acudir a: ELN. *Manifiesto de Simacota*. 07/01/1965. [Data de consulta: 10 de maio 2016. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=3703>]; FAR. *FAR, N°15*. 01/07/1966. Data de consulta: 10 de maio 2016. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=4769>]; FALN. *La Revolución verdadera, la violencia y el fatalismo geopolítico*. 01/01/1966. Data de consulta: 10 de maio 2016. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=1368>]
- 18 ELN. *Manifiesto de Simacota*. 07/01/1965. [Data de consulta: 10 de maio 2016. Dispoñible en: <http://www.cedema.org/ver.php?id=3703>]

O certo é que non só contamos cos programas ou discursos das organizacións para coñecer a situación da muller nestas primeiras experiencias revolucionarias. Nos propios movementos houbo figuras destacadas que escribiron máis profusamente sobre a experiencia que estaban a vivir, e que teorizaron sobre as condicións dos seus países para a revolución. Neste senso, a figura principal é a de Camilo Torres, que participou no ELN de Colombia. No seu *Mensaje a las mujeres* (Gerassi, 1973: 398-400) atopamos referencias interesantes, das que aludimos tres cuestións en concreto. Así como Guevara ou Fidel eran conscientes da situación desigual das mulleres na sociedade latinoamericana, esta conciencia tamén foi plasmada por Camilo Torres no caso específico da muller colombiana:

La mujer colombiana, como la mujer de todo país subdesarrollado, ha estado siempre en condiciones de inferioridad respecto del hombre y de la sociedad. Estas condiciones varían de acuerdo con el nivel de vida de las personas. Dentro de la clase popular la mujer tiene muchos deberes de tipo material y casi ningún derecho espiritual. (...). La mujer de la clase obrera no goza de ninguna protección social y mucho menos legal. (...). La mujer de clase media también es explotada por los patronos. Es posible que, dentro de esa clase, las relaciones con los maridos sean más igualitarias. (...). La mujer de la clase alta tiene que disimular con ociosidad, en juegos de naipes y reuniones sociales, la falta de oportunidades intelectuales y profesionales que existe en nuestra sociedad. (Camilo Torres en Gerassi, 1973: 398-399).

Vemos como analiza de maneira profusa ás mulleres dependendo da súa clase social. É consciente de que a muller ademais da propia desigualdade que sofre polo feito de ser muller, esta increméntase segundo ao estrato social ao que pertenza. Debido a estas desigualdades que sofre, a muller eríxese como un obxectivo para estas organizacións, en tanto que estes movementos poden encarnar para elas unha nova situación na sociedade. Camilo Torres, aludirá neste *Mensaje a las Mujeres* á condición de revolucionaria da muller colombiana, pois ela tamén foi partícipe das loitas campesiñas que se desenvolveron no país durante as décadas pasadas. Se ben, novamente, o papel que teñen reservado para as mulleres nestas revolucións non escapa da concepción tradicional:

La mujer colombiana se alista para la revolución. Ella ha sido y será el apoyo del hombre revolucionario. Ella tiene que ser el corazón de la revolución. Si cada hombre revolucionario cuenta en su hogar con una mujer que sabe respaldarlo, comprenderlo, y ayudarlo, tendremos muchos más hombres que se decidan a la lucha. Después de realizada la revolución, la mujer sabrá que la igualdad de derechos y de deberes no permanecerá solamente como letra muerta en el papel, sino que será una realidad que ella misma, como fuerza popular y revolucionaria, podrá garantizar. (Camilo Torres en Gerassi, 1973: 400)

Este mesmo papel tradicional que aparece no *Mensaje a las mujeres* de Camilo Torres, tamén está presente noutros movementos revolucionarios –caso das FALN de

Venezuela e do MIR de Perú, según Gott (1970:212)– nos que se apela á protección da familia como unha das premisas fundamentais. No caso de Perú as ausencias en referencias á emancipación da muller, poden tamén estar ligadas a que en ningunha das dúas plataformas guerrilleiras se escribiron textos revolucionarios, pois crían que a esquerda xa tiña escrito demasiado acerca destas cuestións.

No caso de Guatemala, onde a guerrilla contou nesta década dos 60 co maior número de mulleres participantes –seis até onde temos atopado–, contamos coas palabras de César Montes, un dos seus dirixentes, sobre Mirna Paíz Cárcamo (alias Rosamaría na guerrilla). A través da entrevista realizada por Mónica Morales ao dirixente, podémonos facer unha idea sobre a consideración que tiñan estas mulleres nas FAR en Guatemala. César Montes (Morales, 2007: 34) alude nun principio ás cualidades de Rosamaría para a guerrilla rural, onde di:

Podría decirte que a pesar de sus limitaciones físicas y falta de preparación previa se destaco en su capacidad para moverse en las altas montañas y en las caminatas nocturnas

Prosigue engadindo:

Nos sorprendió mucho su capacidad y valentía en el combate. Participo en la emboscada de Sunzapote con mucho valor a pesar que los soldados enemigos estaban mejor armados y contaban con todo el apoyo de retaguardia en artillería, aviación, carros blindados de asalto.

Alén diso, Rosamaría, segundo César Montes, sempre estivo preocupada pola súa situación na guerrilla, e por sentirse cómoda e cos mesmos dereitos que gozaron os seus compañeiros: “sensible al sufrimiento de los pobres y dedicada a todas las tareas por duras que fueran, se gana el afecto y respeto de todos los guerrilleros”.

Podemos observar que na propia experiencia de Rosamaría narrada por César Montes, atopamos similitudes coas afirmacións doutros dirixentes revolucionarios. A negación das capacidades físicas das mulleres para o combate na guerrilla rural é un tópico que se repite, aínda que a experiencia destas demostre o contrario. Posiblemente, a educación coa que se formaba ás mulleres desde nenas, e na que as capacidades físicas non estaban presentes, sexa o motivo polo que atopamos repetidas veces esta consideración. Outros aspectos como o paternalismo tamén están presentes: “una personalidad fuerte a la vez sensible y delicada, reservada”.

Máis alá desta ausencia nos programas e discursos das organizacións revolucionarias desta década dos 60, cal foi a situación das mulleres na experiencia práctica dos movementos? O punto de partida e referencia son as mulleres que participaron na etapa insurreccional cubana, pois o seu perfil será en boa medida unha constante nos posteriores movementos.

As mulleres que atopamos integrando o M26J nas cidades e na Serra Maestra, proviñan nomeadamente de clases medias-altas, aínda que tamén atoparíamos campesiñas. A participación masiva das clases medias na Revolución Cubana terá a súa continuidade nos posteriores movementos, como veremos máis adiante. Un novo suxeito revolucionario que está conformado sobre todo por estudantes, será a grande contribución ao movemento clandestino das cidades. As mulleres campesiñas estarían sobre todo formando parte da acción insurxente en Serra Maestra. Chapelle estima que en decembro de 1958, de cada vinte homes, unha muller estaba combatendo xunto coas tropas de Fidel. Por tanto, as mulleres que principalmente participaron deste movemento son dunha posición social acomodada, novas e formadas tanto educativa como ideoloxicamente (Reif, 1986: 155). Se ben, o aspecto que ten causado máis controversias entre as/os investigadores ten que ver co rol que xogaron as mulleres durante a actividade insurxente. A maior parte das/os autoras/es coinciden en sinalar que Celia Sánchez, Haydée Santamaría e Vilma Espín estiveron combatendo en Serra Maestra xunto ao resto de insurxentes. Mais, esta afirmación ten que ser precisada se cabe, pois todas elas estiveron máis tempo organizando o M26J nas cidades que combatendo en Serra Maestra. Ademais, o feito de estar na montaña non indica que estivesen empuñando as armas xunto ao resto de revolucionarios.

Compilando diversa información, podemos sinalar o tipo de tarefas que desempeñaron no período insurxente. En primeiro lugar diríamos que destaca a participación das mulleres na loita clandestina nas cidades, xa sexa coordinando o movemento, como formando parte das accións ou como mensaxeiras e choferes. Por tanto, era habitual que moitas delas tiveran como obxectivo o contacto entre a guerrilla e o movemento das cidades, levando a cabo as accións anteriormente indicadas, e sobre todo transportando armas para a montaña. En segundo lugar, aquelas que participaban das actividades insurxentes en Serra Maestra, estaban sobre todo desempeñando o rol de enfermeiras, profesoras, vixías e poucas eran aquelas que combatían xunto aos homes, aínda que si estaban presentes no combate (Reif, 1986: 155)¹⁹. Polo tanto, ao facer un cómputo xeral das tarefas que foron desempeñadas polas mulleres, diríamos que basicamente cumpriron roles de soporte e asistencia, mentres que o combate quedou limitado a certas ocasións, e non foi un feito continuado no tempo.

Tralo análise da experiencia das mulleres cubanas na Revolución, puidemos observar certas pautas, que de algún modo continuarán presentes nas diferentes ondas. Para a primeira onda revolucionaria, extraemos información das organizacións de Colombia, Perú, Bolivia, Venezuela e Guatemala, debido a que para as experiencias de Arxentina e Nicaragua non foi posible atopar mencións da participación da muller²⁰. Unha desas características fundamentais da muller que participa dos procesos revolucionarios é a súa

19 Para mais información véxase Bell, J.; Caram, T.; Kruijt, D. e López, D. , 2014.

20 As organizacións das que obtemos información sobre a participación das mulleres son: o ELN de Colombia o MIR de Perú, a Guerrilla de Ñancahuazú de Bolivia e o FALN e o FAR de Venezuela e Guatemala respectivamente.

procedencia social. Principalmente, proveñen das clases medias-altas, aínda que segundo o tipo de experiencia, podemos atopar máis ou menos mulleres de extracción campesiña, destacando neste sentido Colombia. Se ben, as mulleres campesiñas que participan destes movementos acostuman facelo de forma minoritaria, e coa peculiaridade de que en escasas ocasións forman parte das accións de combate. Así mesmo, debido á súa orixe social, o grupo de mulleres que máis participa está vinculado ao mundo estudantil. Temos que ter en conta que é neste ámbito da universidade onde maioritariamente estas mulleres comezan a ter contacto co mundo político e coas organizacións estudantís das que logo saen moitas/os das/os militantes dos movementos revolucionarios.

Alén diso, as mulleres que forman parte destas primeiras experiencias revolucionarias –tendo en conta que son maioritariamente estudantes– atópanse arredor dos vinte anos, sendo por tanto moi novas (Jaquette, 1973, 344).

Se quixeramos establecer estatísticas para esta primeira onda sobre a participación da muller, a tarefa sería moi complexa, pois os datos sobre a súa presenza son escasos ou inexistentes, e as poucas mencións de mulleres que participan non chegan nin a decena en cada movemento. Só contamos con certas mencións que foron recollidas nomeadamente a través dos medios de comunicación da época. A través do análise das diferentes accións recollidas polos medios puidemos coñecer datos sobre a participación da muller.

O MIR de Perú, é o movemento no que se rexistran máis mulleres militando, en total oito. Estas mulleres estarían na Fronte Túpac Amaru, e serían vistas levando a cabo accións no ámbito urbano. As FAR de Guatemala sería o segundo movemento onde atopamos máis participación de mulleres, nun cómputo de seis. Estas, en contraste con Perú, non só estarían no ámbito das cidades colaborando en accións, senón que tamén temos constancia da súa presenza nas actividades da guerrilla rural. As restantes organizacións revolucionarias desta década dos 60 non contaron con máis dunha ou dúas mulleres nas súas filas, que saibamos ate o de agora. En Colombia rexístrase unha muller nun enfrontamento do ELN co exército na cidade. Nas FALN de Venezuela dúas mulleres participarían das actividades da guerrilla e tamén no secuestro dun avión. Por último, en Bolivia, na Guerrilla de Ñancahuazú, contaríamos coa presenza dunha muller, tanto nas actividades de acción na urbe como na guerrilla (Jaquette, 1973: 348-350).

Tendo en conta a escasa participación e as accións das que formaron parte, estes primeiros roles desempeñados irían dende as actividades de soporte e servizo, ata o transporte de información e mercancía e o espionaxe. En poucas ocasións teñen un papel de combate e polo tanto, descártase por completo que estivesen presentes tanto na dirección das organizacións como nos comandos. Do que si temos certeza é que as mulleres que participaron destas primeiras experiencias revolucionarias terían maior presenza no ámbito das cidades que nas propias actividades da guerrilla rural, das que contamos con escasa información, agás no caso de Bolivia e concretamente de Tamara Bunke (Jaquette, 1973: 348-349)²¹.

21 Sobre Tamara Bunke véxase: Rodríguez Ostría, 2011.

Nesta primeira onda o que experimentamos é que a escasa participación das mulleres vai vinculada á súa propia concienciación, mais tamén á pouca teorización sobre a necesidade de incorporación de mulleres a estas organizacións. Os roles que xogaron van entón moi na liña desa escasa importancia que se lle dá á participación das mulleres. O “Home Novo” que Guevara postula racha en moitos aspectos con cuestións da moral tradicional, mais racha con elas en tanto para o que aos homes se refire, pois para as mulleres na militancia o que priman son papeis conservadores e colaboradores, e en escasas ocasións participan en accións armadas. Non só a teoría demostra a ausencia das mulleres nestas revolucións, senón que a propia práctica é boa mostra da escasa participación delas, e polo tanto dunha Revolución que non foi pensada para mellorar a situación desigual das mulleres na sociedade.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Achegarse a este tipo de temas sempre é complexo para as/os historiadoras/es, pois a miúdo podemos pecar de actitudes presentistas e rematar vendo desacreditados os nosos traballos. O certo é que se postula complicado coñecer ata que punto os teóricos revolucionarios deste tempo tiveron en conta ou non ás mulleres á hora de considerar a Revolución, pois a día de hoxe non contamos cunha bibliografía extensa e con entrevistas que traten esta cuestión en concreto. Para analizar entón a importancia que tiña a incorporación das mulleres a estas revolucións temos que recorrer á diversa bibliografía dos movementos revolucionarios, e sobre todo aquela na que se teoriza sobre o tipo de Revolución que buscaban, e os programas de futuro que postulan, pois son indicativos das necesidades que ten a sociedade. Se ben, como xa mencionamos, poucos son os teóricos que reflexionan sobre o carácter da Revolución nese momento, pois a práctica primaba como aspecto principal, e a teoría íase construindo en base ás experiencias vividas. No caso das organizacións revolucionarias o análise deste aspecto é aínda máis complexo, debido á ausencia de reflexións teóricas e á constante recorrencia aos teóricos da Revolución Cubana.

Sexa como for, e coa intención de contar con análises maiores nun futuro, podemos destacar certos aspectos a ter en conta na idea de Revolución en Latinoamérica nestes momentos, e na ausencia das mulleres na mesma:

Principalmente o que prima no concepto de Revolución nestes momentos é basicamente político. Interesa chegar ao poder, mudar o panorama político existente a través de medidas que democratizen as instancias de goberno e que permitan á sociedade ser partícipes desas mudanzas. Posteriormente é necesario centrarse nos aspectos económicos, pois estes eran a clave primordial para manter a confianza do pobo, modificando a súa situación de miseria. Son fundamentais as reformas agrarias e a potenciación ou creación de industrias, xunto ao necesario acceso de toda a poboación a unha vivenda e a unha sanidade pública.

Estes son principalmente os aspectos que se recollen nos textos, programas e discursos destas primeiras experiencias revolucionarias en América Latina. E o modelo de loita que se utiliza para alcanzalos é a guerra de guerrillas. O que se busca é unha revolución popular, democrática e nalgúns casos “socialista”. Se ben, neste artigo prestamos especial atención a unha figura, Guevara, pois este a pesar do seu marxismo declarado sempre foi un revolucionario antidogmático e buscou adaptar o marxismo a Latinoamérica, tal como o maoísmo buscaba adaptarse ás circunstancias propias de China. Guevara como marxista daba grande importancia á estrutura material, é dicir á economía e á política, mais tamén na base destes cambios debía existir unha conciencia, unha moral revolucionaria que fora modificando os patróns culturais anteriores e se construíse un novo ser do futuro, composto por un grande sentimento cara as inxustizas e desigualdades. O certo é que o “Home Novo” foi un concepto que destacou en toda esa teorización tan ríxida da revolución, e as expectativas postas na figura de Guevara eran grandes. Se ben, como sempre acontece, foi home do seu tempo, e descoidou aspectos que verdadeiramente terían mudado os patróns culturais da sociedade cubana e da sociedade latinoamericana en xeral.

Ao comezo falábase dese presentismo que debemos de evitar as/os historiadoras/es, e que se debe evitar recorrendo ao propio contexto e introducíndonos no pensamento da sociedade dese momento. Tendo en conta este feito, é certo que o feminismo non é unha ideoloxía presente en América Latina nos anos 60, e que hai que esperar aínda dúas décadas para que este movemento político estea presente polo menos nunha parte das militantes das organizacións revolucionarias. Agora ben, os teóricos revolucionarios da década dos 60, como Guevara, Fidel Castro ou Camilo Torres eran conscientes da desigualdade e das inxustizas que vivían as mulleres latinoamericanas, e contaban con elas como suxeitos políticos. Por que entón as mulleres tiveron escasa importancia á hora de teorizar sobre a Revolución?

A permanencia dunha ideoloxía sexista é unha constante nestes revolucionarios, e eles como figuras clave eran os modelos a seguir polas/os militantes. Non podemos escusar polo tanto aos revolucionarios deste tempo por non ter prestado atención á situación das mulleres, pois aqueles que buscaban unha sociedade socialista ou comunista falaban de igualdade para todas/os e é nese feito, no de equiparar ás mulleres en todos os ámbitos cos homes - no público e no privado- , onde non se rachou coa súa situación tradicional.

Polo tanto, para rematar, consideramos que a idea de revolución que se manexa nesta década dos 60 e aínda limitada, e aínda que ten miras de futuro, e pretende unha transformación total da sociedade, o certo é que nesta década verase principalmente centrada nos aspectos políticos e económicos. En décadas posteriores, e atendendo ás diferentes ondas revolucionarias que se desenvolven en Latinoamérica, a idea de revolución irase modificando, e aínda que incorpora aspectos novidosos, aínda hoxe en día é complicado establecer se as organizacións revolucionarias latinoamericanas tiveron presentes ás mulleres no seu concepto de revolución ou se polo contrario seguiron primando os aspectos políticos sobre as mudanzas sociais.

BIBLIOGRAFÍA

- Araujo, Ana María. *Tupamaras, des femmes de l'Uruguay*. París: Des Femmes, 1980.
- Bell, José; Caram, Tania; Kruijt, Dirk e López, Delia. *Combatientes*. La Habana: Instituto Cubano Del libro, 2014.
- Barbieri, Teresita de. “El feminismo y la Federación de Mujeres Cubanas”, *FEM*, 15, 1980, pp. 65-69.
- Cancino, Hugo. “El discurso ideológico de la Revolución Cubana. Para un estudio de las raíces histórico – ideológicas de la revolución”. *História: Debates e Tendências*, v. 10, n. 1, xan./xun. 2010, p. 73-86.
- Calvo González, Patricia. “Discurso y praxis del Movimiento 26 de Julio: ¿planificación o improvisación?”. *Naveg@mérica. Revista electrónica de la Asociación Española de Americanistas*, n. 9, 2012. [Data de consulta: 20 marzo 2016. Disponible en: <http://revistas.um.es/navegamerica>]
- Calvo González, Patricia. *La Sierra Maestra en las rotativas. El papel de la dimensión pública en la etapa insurreccional cubana (1953-1958)*. Tese doutoral. Departamento de Historia contemporánea e América, Universidade de Santiago de Compostela, 2014.
- Caula, Nelson e Silva, Alberto. *Ana la guerrillera. Una historia de Lucia Topolansky*. Montevideo: Ediciones B, 2011.
- Fleites-Lear, Marisela. “¿Mi cielo alcánzame las botas!: Feminismos, Mujeres y el “Hombre Nuevo” dentro de la Revolución cubana”. *Journal of Iberian and Latin American Research*, 14.1 (2008), pp. 49-77.
- Gerassi, John. *Camilo Torres, revolutionary priest. His completed writings and messages*. Reino Unido: RandomHouse, 1973.
- González Lage, Valeria. “Camino al socialismo: evolución ideológica de la Revolución Cubana”. En Calvo González, Patricia (coord.). *Discursos e ideologías de derechas y izquierdas en América Latina y Europa*. Universidade de Santiago de Compostela: Santiago de Compostela, 2015, pp. 53-72.
- González Pérez, Margaret. “Guerrilleras in Latin America: Domestic and International Roles”, *Journal of Peace Research* 43 (3), may. s.l: s.d., 2006, pp. 313-329.
- Gott, Richard. *Guerrilla movements in Latin America*. London: Thomas Nelson, 1970.
- Guevara, Ernesto. *El socialismo y el Hombre Nuevo*. México: Siglo Veintiuno, 1977.
- Guevara, Ernesto. *La Guerra de Guerrillas*. 3ª Edición. Colombia: Editorial de Ciencias Sociales, 2009.
- Jaquette, Jane. S. “Women in Revolutionary Movements in Latin America”. *Journal of Marriage and Family*, 1973, vol. 35, nº 2, pp. 344-354.
- Korol, Claudia. “El Che Guevara y el ‘Hombre Nuevo’”. [Data de consulta: 3 maio 2016. Disponible en: <https://www.rebellion.org/hemeroteca/argentina/che161002.htm>]
- Löwy, Michael. *El pensamiento del Che Guevara*. Siglo XXI Editores: México, 1971.

- Luciak, Ilja. A. *Después de la revolución: igualdad de género y democracia en El Salvador, Nicaragua y Guatemala*. San Salvador: UCA Editores, 2001.
- Martín Álvarez, Alberto. e Rey Tristán, Eduardo. “La oleada revolucionaria latinoamericana contemporánea, 1959-1996. Definición, caracterización y algunas claves para su análisis” [en liña]. *Naveg@mérica. Revista electrónica de la Asociación Española de Americanistas*. 2012, n. 9. [Data de consulta: 11 de xaneiro de 2016. Dispoñible en: <http://revistas.um.es/navegamerica/article/view/161591>]
- Marx, Karl. *La ideología alemana (I) y otros escritos filosóficos*. Oviedo: Losada, 2005.
- Morales Flores, Mónica. *La guerrilla guatemalteca en imágenes. Entrevistas al comandante César Montes* [en liña]. CEDEMA, 2008: <http://www.cedema.org/uploads/MMorales-CeDeMA.pdf>
- Reif, Linda L. “Women in Latin American Guerrilla Movements: A comparative perspective”. *Comparative politics*, 1986, v. 18, n.º, 2, pp. 147-169.
- Rey Tristán, Eduardo. *A la vuelta de la esquina. La izquierda revolucionaria uruguaya, 1955-1973*. Montevideo: Fin de Siglo, 2006.
- Rodríguez Calderón, Mirta. “Cuba: desclasificar la palabra feminismo”, *Cuadernos Feministas*, 9 (xullo – setembro 1999), pp. 21-27.
- Rodríguez Ostría, Gustavo. *Tamara, Laura, Tania. Un misterio en La guerrilla del Che*. Barcelona: RBA, 2011.
- Sader, Emir. *A nova toupeira: os caminhos da esquerda latinoamericana*. Boitempo, São Paulo, 2008.
- Soler, Silvia. *La leyenda de Yessie Macchi*. Montevideo, Siglo XXI, 2001.
- Vidaurrázaga Aránguiz, Tamara. “¿El hombre nuevo?: Moral revolucionaria guevarista y militancia femenina. El caso del MIR”. *Revista Nomadías*, n.º 15, xullo 2012, pp. 69-89.